



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 16 DE FEBREIRO DE 2018

- 1.- **Proposta da Alcaldía relativa ao nomeamento de representantes na Comisión de Seguimento no proxecto SMARTIAGO.** Acórdase o nomeamento, como representantes do Concello, do concelleiro de Medio Ambiente e Convivencia, Xan Duro; o xefe do Servizo de Informática, Jesús Rodríguez Castro; e a directora da Área de Réxime Interior, Silvia Aramburo.
- 2.- **Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do cadro de prezos para o ano 2018, a aplicar nas obras da concesionaria VIAQUA.** Apróbbase a proposta.
- 3.- **Dar conta da sinatura do convenio entre o concello de Santiago e a Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a acreditación da formación impartida polo concello no marco do proxecto "Plan xuvenil de integración profesional "Mocidade con Emprego", cofinanciado polo Fondo Social Europeo a través da iniciativa de emprego xuvenil e garantía xuvenil.** Dase conta.

URXENCIAS

- 1.-**Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza a Galivivienda S. Cooperativa para o proxecto de execución de construción de edificio de seis vivendas protexidas de réxime xeral, local comercial, rochos e prazas de garaxe, na rúa da Estrada, 93.** Apróbbase a proposta.
- 2.- **Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do contrato de arrendamento entre Adif e o Concello de Santiago para a posta en marcha da Vía Verde de Santiago a Cerceda, no tramo de Compostela.** Apróbbase a sinatura do contrato de arrendamento, cun prezo estipulado de 9.600 euros anuais, cun período de carencia de dous anos desde a firma do documento.
- 3.- **Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á selección da operación "Rehabilitación Enerxética de Edifícios de Titularidade Municipal" a efectos de que sexa tramitada a súa aprobación perante a Autoridade Xestión do Programa Operativo de Crecemento Sostible, do Ministerio de Facenda.** Apróbbase a selección da operación para a súa inclusión na EDUSI. O proxecto ten un orzamento total de 519.999,44 euros, dos que 415.999,55 euros procedería dos fondos FEDER.
- 4.-**Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á interposición de recurso de reposición contra a sanción interposta pola Delegación da Coruña da Axencia Tributaria de Galicia contra o Concello de Santiago, en relación ao incumprimento do requirimento de autoliquidación da cesión dun viario no que se indica erradamente ao transmitente.** Apróbbase a proposta.
- 5.-**Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á solicitude á Deputación da Coruña de subvención para contratar un técnico de xestión cultural.** Apróbbase a solicitude de subvención, por un importe máximo de 15.000 euros.

6.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á solicitude dunha subvención á Secretaría Xeral de Igualdade para a promoción da Igualdade. Acórdase a solicitude dunha subvención de 69.000 euros, que irá destinada ao CIM, en concreto aos postos de asesoría xurídica, atención psicolóxica e axente de igualdade.

7.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2018. Apróbase a proposta.

8.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á anulación das modificacións orzamentarias efectuadas no período en vigor do orzamento prorrogado do exercicio 2017 no 2018. Acórdase anular as citadas modificacións orzamentarias ao entender que os axustes derivados das mesmas están incluídos nos créditos iniciais do orzamento municipal de 2018 aprobado.